

BASES PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL DE SOGASERSO **VIMIANZO**

I.- NORMAS XERAIS

I.1. Postos para os que se procederá a seleccionar persoal:

O obxecto do presente proceso é proceder á selección de persoal para cubrir os seguintes postos:

• Medica/o	Ref.- Vim-Me 1
• Medica/o Especialista	Ref.- Vim-Me Esp.
• Psicóloga/o	Ref.- Vim-Ps
• Traballador/a Social	Ref.- Vim-TS
• Fisioterapeuta	Ref.- Vim-Fis
• Educador/a Social	Ref.- Vim-Es
• DUE	Ref.-Vim-Due
• Terapeuta Ocupacional	Ref.- Vim-To
• Governanta/e	Ref.- Vim-Go
• Auxiliar de Enfermaría – Técnica/o atención sociosanitaria	Ref.- Vim-Aux

para o centro de Atención Xerontolóxica que Sogaserso, S.A. porá en funcionamento proximamente no Concello de Vimianzo.

I.2. Requisitos das persoas candidatas.

I.2.1. Para a súa admisión no proceso de selección os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: Os candidatos deben de estar na posesión da nacionalidade e do documento en vigor que, de conformidade coa lexislación vixente, permítalle residir e traballar no territorio do Estado Español

b) Idade: Ter a capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

c) Titulación: Estar en posesión, ou estar en condicións de obter, o título académico e os requisitos que se fixen para cada unha das categorías que figuran no Anexo II; todo iso, sempre antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite o seu recoñecemento na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

d) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectada/o por limitación física ou psíquica que sexa incompatíbel co desempeño das correspondentes funcións.

f) Linguas: As/os seleccionados deberan de coñecer, escribir e poder falar con fluidez, polo menos, en galego e en castelán.

I.3. Solicitudes

I.3.1. As persoas que desexaren tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar remitindo: a Instancia que figura na Web www.sogaserso.com/seleccionvimianzo; un Currículo que deberá conter, cando menos, os datos que figuran no Anexo I; unha copia do título que acredite ter cursada a titulación académica esixida para cada posto e, unha copia da certificación oficial das cualificacións¹ acadadas na titulación esixida como requisito mínimo para o posto.

I.3.2. Para o envío de candidaturas os interesados poderán utilizar dous medios:

a.- Envío directo vía internet do modelo de instancia que aparece na web www.sogaserso.com/seleccionvimianzo, axuntando como arquivos adxuntos: o Currículo do solicitante (no que se deberá de facer referencia aos aspectos xa subliñados), unha copia do título que acredite ter cursada a titulación esixida para cada posto, e unha copia das cualificacións acadadas na titulación esixida como requisito mínimo para o posto.

En ningún caso serán aceptadas as candidaturas remitidas directamente a calquer correo electrónico de Sogaserso S.A., sendo o envío descrito no parágrafo anterior a única forma válida para presentar a candidatura mediante a internet.

b.- Envío por correo postal, preferentemente certificado, da instancia que aparece na web www.sogaserso.com/seleccionvimianzo, debidamente cuberta, conxuntamente co currículo do solicitante (no que se deberá de facer referencia polo menos aos aspectos subliñados no Anexo I), unha copia do título que acredite ter cursada a titulación esixida para cada posto, e unha copia das cualificacións acadadas na titulación esixida como requisito mínimo para o posto.

Esta documentación remitirase a: Sogaserso S.A., Parque Tecnolóxico de Galicia, 32900, San Cibrao das Viñas - Ourense. No exterior do sobre farase constar: *Asunto: Proceso de Selección Persoal Sogaserso Vimianzo.*

Teranse en conta os currículos remitidos até o día 14 de Febreiro 2009, incluído.

As persoas que desexen presentarse a este proceso de selección de persoal e xa teñan participado en anteriores procesos de Sogaserso para a mesma categoría, presentado correctamente toda a documentación á que fai referencia o punto 1.3.1., unicamente terán que remitir: a) de optaren polo envío por correo postal: instancia correspondente e currículo actualizado -no caso do currículo remitido anteriormente ter mudado nalgún aspecto; b) de optaren polo envío vía internet: formulario electrónico debidamente cuberto e currículo actualizado anexado.

I.3.3. As persoas candidatas quedan vinculadas aos datos que fagan constar nas súas solicitudes.

I.4. Admisión de Candidatos.

I.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, Sogaserso revisará as instancias e os currículos presentados e comunicará ás/aos candidatos que cumpran con todos os requisitos mínimos (sempre que se dispoña da información de contacto correctamente recollida na

¹ No caso de non remitir esta valorarase o currículo como aprobado (5)

documentación remitida polo candidato), que pasan ao proceso, ben de preselección ben de selección segundo corresponda (Ver punto II).

I.4.2. O feito de que os candidatos sexan admitidos no proceso de selección non prexulga que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos neste procedemento. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán do proceso.

II. PROCESO SELECTIVO.

O proceso Selectivo dispónse en dúas fases:

II.1. Proceso de preselección de candidatos.

O proceso de preselección aplicarase para a avaliación dos candidatos aos postos de Auxiliares de Enfermaría/Auxiliares Técnico Sanitarios (no caso de que se superen as 120 candidaturas) e para aqueles postos que superen a ratio de 15 candidatos por posto a cubrir. Unha vez finalizado o prazo de recepción de candidaturas, Sogaserse S.A. indicará, na páxina web www.sogaserse.com/seleccionvimianzo, aqueles postos laborais para os que se requirirá este proceso de preselección así como a data e lugar de celebración das probas de preselección.

O proceso de preselección centrarase en avaliar as características persoais, intelectuais e de coñecementos dos candidatos, para axeitalas segundo os postos. Para iso realizaranse probas psicotécnicas e de coñecemento do posto e unha avaliación do seu currículo.

As persoas que teñan participado noutros procesos de preselección de Sogaserse e que xa tiveran cualificación en probas psicotécnicas e de coñecemento do posto ao que optan, poderán, no seu momento, escoller entre repetir as devanditas probas ou manter a puntuación acadada anteriormente.

II.1.a Puntuación dos Candidatos no proceso de preselección.

A puntuación desta fase terá en conta:

- 1.- As puntuacións acadadas nas probas psicotécnicas e de coñecemento..
- 2.- A puntuación derivada da avaliación do currículo do candidato.

Pasarán ao proceso de selección os candidatos que obteñan as mellores puntuacións. O número de candidatos que pasarán á seguinte fase dependerá do posto e da oferta existente. Sogaserse S.A., comunicarlles aos candidatos que realicen as probas de preselección se teñen superado ou non esta fase previa.

Os candidatos poderán coñecer, se así o demandan, as puntuacións por eles acadadas en cada un de estes aspectos

II.2 Proceso de selección.

II.2.a. Datas e lugar do proceso de selección.

Sogaserse, S.A anunciará, a través deste site o lugar e as datas do proceso de selección para os distintos postos requiridos. As persoas interesadas a este respecto poderán tamén contactar con Sogaserse nos teléfonos 988 36 81 39 e 988 54 82 74.

II.2.b En que consistirá o proceso de selección?

Esta fase do proceso de selección centrarase na realización de entrevistas persoais cos candidatos que combinarán o sistema de entrevistas convencional con apartados condutuais e de avaliación de coñecemento, e nas que se avaliarán as características xerais dos candidatos e os coñecementos específicos que posúen para o desempeño do posto. Tense establecido un formato de entrevista por posto e repetirase con cada un dos candidatos para garantir a equidade e a prevalencia dos principios de mérito e capacidade no proceso.

A valoración final dos candidatos terá en conta a cualificación acadada nestas entrevistas, a puntuación derivada da avaliación do currículo do candidato e, se houberse proceso de preselección, as puntuacións acadadas nas probas psicotécnicas e de coñecemento.

II.3 Documentación a presentar polos candidatos no momento do proceso de selección

No momento de acceder as probas selectivas os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Orixinal e fotocopia cotexada do DNI, do pasaporte ou do documento que lle faculte para contratar o seu traballo cunha empresa española.
- b) Orixinal ou fotocopia que acredite a titulación esixida para o posto que aspira.
- c) Os aspirantes con discapacidade recoñecida, deberán presentar ditame técnico facultativo emitido polo Órgano Técnico de Valoración que ditaminou o seu grao de discapacidade.
- e) Orixinal ou fotocopias dos aspectos principais contemplados no seu currículo (a experiencia laboral será acreditada mediante certificado de vida laboral).

III.- COMUNICACIÓN DO RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO.

Sogaser S.A., informará do resultado do proceso de selección a todas as persoas que participen no mesmo. Os candidatos non contratados pola empresa poderán coñecer, se así o demandan, a posición acadada no proceso de selección, as puntuacións por eles acadadas e a puntuación do último candidato seleccionado para cubrir o posto ao que optaban.

As persoas que participen neste proceso de selección, e que non sexan seleccionadas inicialmente, pasarán a ser incorporadas a unha listaxe de agarda de persoal que será un dos métodos empregados para a cobertura de períodos de vacacións, baixas, excedencias e para dar resposta a unha eventual acumulación de tarefas no Centro, salvo que indiquen expresamente o seu desexo de non ser incorporados a dita listaxe.

IV.- INFORMACION ADICIONAL.

Os interesados poderán solicitar aquela información adicional que precisen nos teléfonos: 988368139 e 988548274 e no mail seleccionvimianzo@sogaser.com. Este e-mail ten a funcionalidade de responder ás cuestións relacionadas co proceso que formulen os candidatos/as. En ningún caso, consonte ao indicado en I.3.2., serán aceptadas as candidaturas enviadas directamente a este ou outros correos electrónicos de Sogaser S.A.

ANEXO I

Aspectos mínimos a contemplar no Currículo a remitir conxuntamente coa instancia de solicitude

Datos persoais, enderezo e de localización.
Formación Académica/Titulacións.
Formación Académica Complementaria.
Experiencia Profesional/Laboral.
Outra Formación.
Situación laboral actual.
Disposición ao posto.
Permiso de conducir.
Idiomas que coñece.
Condición de Discapacitado e Grao de Discapacidade.
Outros méritos ou aspectos a considerar.

ANEXO II

Titulacións esixidas para poder optar a cada un dos postos contemplados.

Posto: Médica/o.

Titulación Esixida: Licenciatura en Medicina.

Posto: Médica/o Especialista.

Titulación Esixida: Licenciatura en Medicina con especialidade directamente vencellada aos tratamentos específicos requiridos polos usuarios do centro (xeriatras, neurólogos, rehabilitadores/as...).

Posto: Psicóloga/o

Titulación Esixida: Licenciatura en psicoloxía.

Posto: Fisioterapeuta

Titulación Esixida: Diplomatura en Fisioterapia.

Posto: Traballador/a Social

Titulación Esixida: Diplomatura en Traballo Social.

Posto: Educador/a Social

Titulación Esixida: Diplomatura en Educación Social.

Posto: DUE

Titulación Esixida: Diplomatura en Enfermería.

Posto: Terapeuta Ocupacional

Titulación Esixida: Diplomatura en Terapia Ocupacional.

Posto: Governanta-e

Titulación Esixida: Técnico Superior en Aloxamentos (FP Ciclo Superior).

Posto: Auxiliar de Enfermería/ Técnica-o de atención sociosanitaria.

Titulación Esixida: Técnico en coidados auxiliares de enfermería ou Técnico en atención sociosanitaria.